CCOO UGT

FEMINISTAS SINDICALISTAS POR POLÍTICAS PÚBLICAS DE ERRADICACIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

Manifesto unitario polo Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

As Confederacións Sindicais de Comisións Obreiras (CCOO) e a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT), ante este crucial 25N, MANIFESTAMOS a nosa determinación de utilizar a forza do sindicalismo de clase feminista para o obxectivo común de erradicar todas as formas en que se produce a violencia machista, esixir o fortalecemento das políticas públicas específicas para acabar coas súas causas, previr a súa aparición e protexer e atender de maneira integral as mulleres e menores que a sofren.

Para iso, desde o noso **compromiso** permanente e sen retorno, **facemos un chamamento** ás traballadoras e os traballadores e ao conxunto da cidadanía a combatelas desde a súa orixe e manifestármonos ata a súa total eliminación, tanto dos centros de traballo como ata o último recuncho da sociedade. Porque garantirlles ás mulleres unha vida libre de violencias machistas é condición previa para acadar unha sociedade plenamente democrática.

- **Chamamos, e comprometémonos,** a combater todas as violencias contra as mulleres aumentando as políticas públicas específicas de igualdade e loita contra as violencias machistas, cos recursos, infraestruturas, persoal especializado e instrumentos necesarios para que aseguren total cobertura na atención integral ás mulleres e menores vítimas, así como a súa detección de risco e prevención.
- **Chamamos, e comprometémonos,** a combater as desigualdades estruturais por sexo-xénero que as causan en última instancia e/ou as favorecen por acción ou omisión.
- **Chamamos, e comprometémonos,** a combater o negacionismo da violencia de xénero, os retrocesos e recortes que impoñen a ultradereita e a dereita nos gobernos autonómicos e locais nas políticas e servizos nesta liña, así como os seus discursos antifeministas e antipolíticas de igualdade e dereitos das mulleres.

O noso compromiso refírese a todos os ámbitos en que se produce calquera acto de violencia contra calquera muller, pero de forma máis intensa reafirmamos a nosa determinación e traballo sindical para facer dos ámbitos laborais espazos libres de violencias machistas.

Celebramos como un importante AVANCE na loita contra a violencia deste último ano 2025 a aprobación en febreiro por todos os grupos políticos (agás Vox) da actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, en cuxa elaboración participamos activamente CCOO e UGT, e que inclúe 462 medidas, coa abordaxe institucional de novas formas específicas de violencia de xénero como a dixital, a vicaria e a económica, que, ademais, duplica o orzamento orixinario, destinando 1500 millóns de euros para os próximos cinco anos.

Tamén celebramos as dúas recentes **melloras en prestacións da seguridade social** incluídas no Real decreto lei 31/2026, de 20 de outubro: a nova situación especial de incapacidade temporal (IT) para mulleres traballadoras vítimas de violencia de xénero cuxas lesións lles impidan traballar, por unha parte, e, por outra, o

incremento na contía das pensións de orfandade causadas tras o falecemento da causante por mor de violencia contra a muller, cando as persoas orfas se atopen nunha situación equiparable á orfandade absoluta, co obxectivo de ampliar a protección económica das/dos menores e persoas vulnerables afectadas, cun importe mínimo mensual que será o equivalente ao dobre do SMI mensual vixente en cada momento.

Por outro lado, hai **dúas normas en marcha** que consideramos esencial que se aproben canto antes.

- A aprobación en Consello de Ministros e Ministras (CM) do Anteproxecto de lei da violencia vicaria (2025), xa remitido ás Cortes en forma de proxecto de lei orgánica (2026).
- Porén, está aínda en proceso de tramitación o Anteproxecto de lei orgánica integral contra a trata e a explotación de seres humanos, aprobada en primeira volta polo CM en 2024 e que se volveu aprobar, con modificacións para traspoñer ao noso ordenamento xurídico a Directiva (UE) 2024/1712 pola que se modifica a Directiva 2011/36/UE relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas, e que está, por tanto, pendente aínda de transformarse en proxecto de lei e remitirse ás Cortes.

Malia os avances e recursos, as violencias machistas non cesan, interferindo na vida e as oportunidades, incluídas as laborais, das mulleres, cun custo inasumible en vidas arrebatadas ou estragadas.

SINALANDO ALGÚNS DATOS

Como recomendan os organismos internacionais de igualdade, ao ser unha estatística necesaria para dimensionar a enorme magnitude desta violencia e contrarrestar o discurso negacionista da ultradereita, aínda que **para CCOO e UGT cada vida importa.**

Feminicidios de parella ou exparella: desde 2003, cando empezaron a contabilizarse, ata hoxe (22 out.), son 1384 as mulleres asasinadas. En 2025 foron asasinadas 48 mulleres, deixando en orfandade 41 menores de 18 anos. No que vai de 2026 foron asasinadas 43 mulleres (último caso acreditado en Madrid, 20 outubro, muller de 52 anos), deixando en total 32 menores orfos/orfas.

Menores asasinados/asasinadas por violencia vicaria: menores de idade vítimas mortais desde 2013 (cando empezaron a contabilizarse por esta causa) ata 22 out. 2026: 68. En 2025: 3 menores. No que vai de 2026: 3 (último caso en Alacant, en marzo, unha nena de 3 anos).

Feminicidios por outras causas: desde 2022, cando comezou esta estatística, ata 2025: 103 mulleres asasinadas (familiar 17 / social 6 / sexual 5). No que vai de 2026: 9 vítimas (familiar 6 / social 2 /feminicidio vicario 1).

Número de denuncias: segundo o XVIII Informe Anual do Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller 2024 (Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero —DGVG—, 2026), en 2024 chegaron ao xulgado **199 094 denuncias** por violencia de xénero en parella ou exparella, unha media de **544 denuncias ao día.** Case todas interpostas pola propia vítima, o 72,1 %; o 18,8 % de atestados policiais e terceiros e o 7,2 % de partes de lesións.

Violencia económica: non existe unha estatística oficial ao respecto, polo que só podemos acercarnos á súa realidade a través de estimacións resultado de enquisas. Segundo os datos para España da Enquisa europea de violencia de xénero 2022, do total das mulleres de 16 a 74 anos que tiveron parella, estímase que o 7,8 % (1 306 791 mulleres) sufriu violencia económica na parella nalgún momento da súa vida. A un 6,5 % (1 085 685) de mulleres, a súa parella ou exparella controláronlles toda a economía familiar ou controláronlles excesivamente os gastos que ela fai. **A un 3 % (498 185) prohibíronlles traballar.**

Violencia sexual: segundo datos do Ministerio do Interior, en 2025 denunciáronse case 24 000 feitos delituosos (23 668), é dicir, unha media

de **65 delitos ao día.** As agresións sexuais e as agresións sexuais con penetración representan conxuntamente máis do 80 % do total de delitos rexistrados. As mulleres son vítimas nun 90 % dos casos (84,6 %). E son homes os agresores nun 96 % dos casos. No que vai de 2026, estímase que en España **se denuncian 15 violacións ao día,** é dicir, unha violación cada hora e 35 minutos; e **45 agresións sexuais ao día** (sen penetración), unha cada 32 minutos.

Vítimas de trata e explotación sexual: segundo datos do Ministerio de Interior, en España, en 2024, detectáronse 1794 vítimas de trata e explotación de seres humanos, a maioría mulleres (56 %), foron detidas 966 persoas e desarticuláronse 110 grupos ou organizacións criminais. No que respecta á trata e explotación sexual, identificáronse 632 vítimas (256 por trata e 376 por explotación), incluíndo 15 nenas e 1 neno, sendo o 98 % mulleres.

DEFENDENDO E MELLORANDO OS DEREITOS SOCIOLABORAIS DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA. FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA NO ÁMBITO LABORAL

Ao sindicalismo feminista de CCOO e UGT preocúpanos que non se coñezan ou se vexan obstaculizados **os dereitos sociolaborais das mulleres vítimas de violencia de xénero e violencia sexual,** como se deduce do baixo número de contratos bonificados de mulleres vítimas de violencia e contratos de substitución, como recolle o informe da DGVG citado con datos de 2024: en 2024 formalizáronse 81 692 contratos bonificados de mulleres. Destes, só **405 (0,5 %) foron de mulleres vítimas de violencia –VV–** (388 VV de parella e 17 VV sexual), todos eles contratos indefinidos, e maior para traballadoras cualificadas (168, o 74 %) que en ocupacións elementais (132).

Houbo un total de **277 contratos de substitución de vítimas de violencia** na parella ou exparella (174 substituídas por mulleres e 103 por homes). Ademais, só 192 contratos de traballo de mulleres vítimas de violencia **se suspenderon ou extinguiron,** conservando a vítima o seu dereito á prestación contributiva por desemprego.

Tamén nos preocupan as violencias machistas que se producen nos centros de traballo ou nos ámbitos laborais, en sentido máis amplo. Especialmente, o acoso sexual e o acoso por razón de sexo. Trátase dunha manifestación de violencia sexual e de xénero xeralmente invisibilizada pola estatística oficial, malia as nosas reclamacións, polo que só podemos facer estimacións da súa prevalencia a través das enquisas.

Segundo datos para España da Enquisa europea de violencia de xénero 2022 (publicados en novembro 2023), do total de mulleres residentes en España que teñen entre 16 e 74 anos e que traballaron algunha vez na súa vida, o 28,4 % (4 489 219) sufriron acoso sexual no traballo nalgún momento da súa vida. Nos últimos cinco anos obsérvase que a porcentaxe estimada de vítimas é un 12,1 % (1 913 470), sendo un 4,6 % (723 958) mulleres nos últimos 12 meses.

Que preto dun millón de mulleres traballadoras estean en risco de sufrir acoso sexual e acoso por razón de sexo nos centros de traballo ou nos seus círculos parécenos a CCOO e UGT unha situación inaceptable que combatemos con todos os nosos recursos e alcance. Trátase dunha realidade que permanece oculta e ocultada, pero que é preciso visibilizar, denunciar, previr e erradicar.

Contamos con instrumentos como os protocolos fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, que se implantaron nos centros de traballo a través da negociación colectiva dos convenios colectivos e plans de igualdade, pero aínda non todas as empresas (que están obrigadas por lei) dispoñen dun, polo que seguimos reivindicando alí onde non hai.

Ademais, como xa manifestamos o pasado ano, consideramos que cómpre incrementar os recursos e vías no ámbito laboral, polo que propoñemos de novo contar coa figura espe-

cífica dun delegado ou delegada sindical de igualdade nas empresas, entre cuxas funcións estaría o asesoramento en violencias machistas.

NO ÁMBITO DA NOSA COMPETENCIA SINDICAL, CCOO E UGT SEGUIMOS TRABALLANDO EN:

- Acabar coas causas materiais e culturais nas que se amarra a violencia machista.
- Negociar plans de igualdade e medidas de acción positiva na negociación colectiva que contribúan á erradicación das discriminacións, os estereotipos sexistas e desigualdades estruturais que nutren o caldo de cultivo das violencias contra as mulleres.
- Formar e sensibilizar o noso activo sindical fronte ás violencias machistas.
- Formar e sensibilizar os cadros de persoal nos centros de traballo.
- Negociar e aplicar os protocolos de acoso sexual e acoso por razón de sexo previstos na lexislación.
- Mellorar con medidas específicas, mediante a negociación colectiva, os dereitos económicos e sociolaborais das mulleres vítimas de violencia de xénero e violencia sexual.
- Colaborar permanentemente coas Administracións públicas, as asociacións feministas no obxectivo común de erradicar estas violencias, as súas causas e manifestacións, integrando no noso traballo sindical a mirada interseccional polos riscos maiores aos que se enfrontan mulleres de grupos específicos, como as migrantes, as mozas ou as máis precarias, entre outras.
- Asesorar vítimas e mulleres supervivientes.
- Reclamar no marco do Diálogo Social os axustes legais que sexan necesarios para a plena execución do Convenio 190 da OIT sobre a violencia e o acoso.

CCOO E UGT:

ESIXIMOS TOLERANCIA CERO fronte ás violencias contra as mulleres.

RECLAMAMOS universalizar a coeducación en todos os niveis educativos.

INSTAMOS O GOBERNO central e os Gobernos autonómicos e locais a que dediquen políticas específicas de prevención en violencia machista e de igualdade, con recursos sostibles que garantan servizos públicos de prevención e de atención integral ás vítimas de todas as violencias machistas. Que estes servizos públicos sexan considerados esenciais, mediante os axustes normativos pertinentes, e dispoñan de equipos multidisciplinarios especializados e en condicións laborais dignas e estables.

ESIXIMOS ÁS CORTES E AO GOBERNO que culminen con urxencia os trámites para a aprobación do Proxecto de lei orgánica de violencia vicaria e o anteproxecto de Lei orgánica integral contra a trata e a explotación de seres humanos

INSTAMOS OS PARTIDOS POLÍTICOS DEMOCRÁTICOS a rexeitaren os discursos negacionistas e calquera retroceso ou recorte en atención integral ás vítimas, servizos públicos e políticas de igualdade e loita contra estas violencias.

SOLICITAMOS AO GOBERNO, FORZAS POLÍTICAS E COMUNIDADE INTERNACIONAL EN XERAL que defendan os dereitos das mulleres que, en zonas de guerras e conflitos ou en réximes totalitarios, están sufrindo de maneira máis intensa e impune a violencia sexual e a violencia do Estado. Non esquecemos as nosas irmás de Afganistán, Irán, Palestina, Sudán e tantas outras de tantos lugares do mundo.

CCOO e UGT CHAMAMOS as traballadoras e traballadores, e a cidadanía en xeral, a unírmonos nun só berro este 25N, xuntas nas mobilizacións e manifestacións feministas, para reclamarmos POLÍTICAS PÚBLICAS que fagan posibles sociedades, lugares e vidas libres de violencia machista.